

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo ás persoas aspirantes seleccionadas nos procesos selectivos, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e na categoría de médico/a coordinador/a do 061, convocados polas resolucións do 14 de decembro de 2022.

Mediante as resolucións desta dirección xeral do 14 de decembro de 2022 (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023) realizáronse as convocatorias, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e na categoría de médico/a coordinador/a do 061.

Así mesmo, nas resolucións desta dirección xeral do 4 de abril de 2025 (DOG núm. 69, do 9 de abril) e do 15 de abril de 2025 (DOG núm. 77, do 23 de abril) publicáronse o nomeamento e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario, convocados polas resolucións do 14 e 15 de decembro de 2022.

A base 10.4 das resolucións de convocatoria prevé que, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen no proceso, se cubrirá a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionadas, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Realizados os procesos de elección de destino das categorías/especialidades en que resultaron prazas vacantes logo das resolucións de nomeamento de datas 4 e 15 de abril de 2025, e ao abeiro das resolucións do 14 de decembro de 2022, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Coa finalidade de asegurar a cobertura das prazas convocadas neste proceso extraordinario de estabilización polo sistema de concurso-oposición, e segundo o



que establece a base 10.4 das resolucións de convocatoria, realizouse a oferta das prazas que resultaron vacantes en cada categoría/especialidade á/s nova/s persoa/s aspirante/s incluída/s inmediatamente a continuación pola orde de prelación que resultou da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

De acordo coa convocatoria, quedaron sen efecto todas as actuacións dos/das aspirantes seleccionados/as que, no prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionaron os destinos que se ofertaron pola orde de prelación que consideraron, non resultaron adxudicatarios/as de ningún destino polo que optaron ou renunciaron á dita elección.

Tamén se recolle na base novena que as persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presentaren a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar neste proceso selectivo, non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

As actuacións destas persoas aspirantes no concurso-oposición quedan anuladas e decaen en todos os dereitos derivados da súa participación.

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e na categoría de médico/a coordinador/a do 061, as persoas aspirantes que se inclúen no anexo I desta resolución.

Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza que figura no referido anexo I.

Terceiro. Declarar finalizados os procesos selectivos para o ingreso, polo sistema de concurso-oposición, nas seguintes categorías/especialidades de persoal licenciado sanitario convocados polas resolucións do 14 de decembro de 2022:

- Facultativo/a especialista en Alergoloxía.
- Facultativo/a especialista en Anatomía Patolóxica.
- Facultativo/a especialista en Anestesioloxía e Reanimación.
- Facultativo/a especialista en Anxioloxía e Cirurxía Vascular.



- Facultativo/a especialista en Aparello Dixestivo.
- Facultativo/a especialista en CardioloXía.
- Facultativo/a especialista en CirurXía Pediátrica.
- Facultativo/a especialista en CirurXía Plástica, Estética e Reparadora.
- Facultativo/a especialista en EndocrinoloXía e Nutrición.
- Facultativo/a especialista en HematoloXía e Hemoterapia.
- Facultativo/a especialista en Medicina Física e Rehabilitación.
- Facultativo/a especialista en Medicina Intensiva.
- Facultativo/a especialista en Medicina Interna.
- Facultativo/a especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Facultativo/a especialista en NefroloXía.
- Facultativo/a especialista en NeuroloXía.
- Facultativo/a especialista en OftalmoloXía.
- Facultativo/a especialista en OncoloXía Médica.
- Facultativo/a especialista en OtorrinolaringoloXía.
- Facultativo/a especialista en Pediatría e as súas Áreas Específicas.
- Facultativo/a especialista en PneumoloXía.
- Facultativo/a especialista en Psicoloxía Clínica.
- Facultativo/a especialista en Psiquiatría.
- Facultativo/a especialista en Radiodiagnóstico.



- Facultativo/a especialista en Reumatoloxía.
- Facultativo/a especialista en Uroloxía.
- Facultativo/a especialista en Xeriatria.
- Médico/a coordinador/a 061.

Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao cal pertenza esta.

A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia da persoa interesada, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación ás prazas adxudicadas comportará o cesamento do persoal temporal que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

Quinto. Sen prexuízo da declaración de finalización do proceso selectivo realizado no punto terceiro desta resolución, unha vez finalizado o prazo de toma de posesión, serán ofertadas, ás novas persoas aspirantes de cada categoría/especialidade pola orde de prelación que resulte da lista definitiva e con independencia da quenda de acceso, as prazas vacantes que de ser o caso resulten, de acordo coa base 10.4, dos seguintes supostos:

- Renuncias aos dereitos derivados do proceso selectivo.
- Non reunir os requisitos establecidos na convocatoria para o desempeño da praza.
- Non presentar a documentación requirida.
- Non formular elección de praza en tempo e forma conforme o procedemento establecido.
- Non producirse a toma de posesión na praza adxudicada.



– Ser declarada en situación de excedencia sen dereito a reserva de praza con efectos desde o mesmo día da toma de posesión.

Sexto. De conformidade coa disposición adicional 2ª do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, se consta rexistrada en Fides/expedient-e e foi debidamente validada.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2025

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

Facultativo/a especialista en Alergoloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1153**	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ANA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0282**	SANCHEZ SANCHEZ, MARIA SOLEDAD	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

Facultativo/a especialista en Anatomía Patolóxica

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0779**	BESCANSA POUS, IVET	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-

Facultativo/a especialista en Anestesioloxía e Reanimación

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0296**	GARCIA ROMAR, ADRIAN	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***7268**	MOSQUERA RODRIGUEZ, EVA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***0818**	RUANOVA SEIJO, DIEGO	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

Facultativo/a especialista en Anxioloxía e Cirurxía Vascular

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4460**	SUAREZ GONZALEZ, CRISTINA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-

Facultativo/a especialista en Aparello dixestivo

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***2864**	ZARRAQUIÑOS MARTINEZ, SARA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-

Facultativo/a especialista en Cardioloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***6874**	FERNANDEZ VAZQUEZ, XABIER	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***9973**	MELENDO VIU, MARIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***4503**	PEREZ CEBEY, MARIA LUCIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4624**	REBOLLAL LEAL, FERNANDO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-

Facultativo/a especialista en Cirurxía Pediátrica

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0753**	BLANCO PORTALS, MARIA DEL CARMEN	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

Facultativo/a especialista en Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0818**	VILA GARCIA, IGNACIO	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-

Facultativo/a especialista en Endocrinoloxía e Nutrición

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4599**	DIAZ TRASTOY, OLAIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

Facultativo/a especialista en Hematoloxía e Hemoterapia

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***3338**	FEIJOO VALENCIA, EVA MARIA	Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS	Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS-Santiago	Santiago de Compostela	-
***7280**	HOLGADO DEL AGUILA, PAULA ANA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***8466**	LORENZO VIZCAYA, ALVARO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-

Facultativo/a especialista en Medicina Física e Rehabilitación

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7832**	MORA BOGA, RUBEN	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-

Facultativo/a especialista en Medicina Intensiva

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***3727**	GALLEGO BARBACHANO, ISABEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***3359**	DEL RIO CARBAJO, LORENA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

Facultativo/a especialista en Medicina Interna

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7561**	ESTEVEZ GIL, MELANIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***7588**	GOMEZ LONGUEIRA, PABLO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***5133**	PEDROSA FRAGA, CRISTINA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1315**	PEREIRA DE VICENTE, MANUEL	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***6254**	ROMAY LEMA, EVA MARIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***7518**	VAL DOMINGUEZ, NURIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***8377**	VAZQUEZ AGRA, NESTOR	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-

Facultativo/a especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0021**	BARBOSA LORENZO, RAQUEL	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-

Facultativo/a especialista en Nefroloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***5647**	OTERO ALONSO, PABLO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-

Facultativo/a especialista en Neuroloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7343**	LABANDEIRA GUERRA, CARMEN MARIA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***7631**	ROEL GARCIA, ALEXIA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***6850**	SUAREZ CASTRO, ESTER	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-

Facultativo/a especialista en Oftalmoloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***6753**	ANGLES DEZA, JOSE MIGUEL	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***0387**	LOPEZ GAONA, ALEJANDRO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-

Facultativo/a especialista en Oncoloxía Médica

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4976**	CORTEGOSO MOSQUERA, ALEXANDRA SABELA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***0729**	RUIZ BAÑOBRE, JUAN	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-

Facultativo/a especialista en Otorrinolaringoloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***5692**	CARRERO GONZALEZ, ALBA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-

Facultativo/a especialista en Pediatría e as súas Áreas Específicas

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0560**	GRAÑA SILVA, FATIMA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***8902**	SARMIENTO CARRERA, NEREA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8838**	SUCASAS ALONSO, ANDREA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
Facultativo/a especialista en Pneumoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4057**	ABELLEIRA PARIS, ROMINA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
Facultativo/a especialista en Psicoloxía Clínica					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7705**	CID GUTIERREZ, PAULA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Facultativo/a especialista en Psiquiatría					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7265**	DIAZ PIÑEIRO, MARIA DOLORES	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***8467**	VARELA PIÑON, MARIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
Facultativo/a especialista en Radiodiagnóstico					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7149**	CANEDO ANTELO, MARIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***6417**	COSTAS MORA, MARTA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***7257**	DOMINGUEZ CONDE, DIEGO	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***7436**	ECENARRO MONTIEL, ANA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***1102**	NOVO AMADO, ALBA MARIA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
Facultativo/a especialista en Reumatoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***9653**	REDONDO COSTA, JOSE MANUEL	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
Facultativo/a especialista en Uroloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8772**	LOJO ROMERO, JAVIER	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
Facultativo/a especialista en Xeriatria					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***6933**	GOMEZ MOSQUERA, ANA MARINA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Médico/a coordinador 061					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0717**	GINESTA POMBO, VICENTE	Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061	Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061-A Estrada	Estrada, A	
***9992**	GONZALEZ CRISTOBO, GLORIA	Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061	Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061-A Estrada	Estrada, A	

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

